

# Tras o 1M: reflexións sobre o novo escenario político galego.

Baseadas no estudo pos-eleitoral nº 2.796 do Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS), Marzo 2009.

## INTRODUCCIÓN

GALIDEM (Asociación Galega para a Liberdade e a Democracia), think tank de CXXI (Converxencia Vinteún), pon a disposición de todos este documento de análise do novo escenario político galego tras as eleccións do 1 de Marzo de 2009.

Estas reflexións son consecuencia dun estudo pormenorizado dos datos publicados recentemente polo CIS (Centro de Investigaciones Sociológicas), denominado oficialmente “*Estudio 2796, Post-electoral de Galicia. Elecciones autonómicas 2009*”.

Desde GALIDEM consideramos que este é un documento que explica e clarifica a necesidade dun proxecto como CXXI no noso país.

Galicia, 23 de Xuño de 2009.

## REFLEXIÓNS SOBRE O ESTUDO Nº 2.796 DO CIS, MARZO 2009

Para un partido ser útil á sociedade o seu fin debe ser dar solucións aos múltiples problemas e retos que esa sociedade ten. Para iso é imprescindible saber qué pensa a xente, cuais son as súas preocupacións, como percebe a realidade, etc. Isto só se pode saber dispoñendo de fontes de información fiables e actualizadas procedentes de estudos de investigación social, como é o caso deste estudo. .


Por outra parte, desde un punto de vista interno, a primeira cuestión que debe ser plantexada cando arranca un proxecto como CXXI é saber se hai mercado, é dicir, saber se hai un grupo suficientemente significativo de cidadáns que estaría disposto a votar unha opción política como a nosa.

Nas seguintes páxinas trataremos de dar resposta a estas dúas cuestións: cuais son as preocupacións dos galegos e ver se existe espazo eleitoral suficiente para CXXI.

### **¿Que querían os galegos cando foron votar o 1 de Marzo?**

Nun contexto actual de grave crise económica e financeira é facilmente predecible cuais eran os problemas que estaban na cabeza dos eleitores á hora de depositaren o voto. Aínda así, unha exploración pormenorizada dos datos pódenos permitir tirar algunhas conclusións interesantes.

No traballo do CIS, o 54% dos entrevistados considera que o novo goberno da Xunta debería preocuparse en primeiro lugar polo paro e o 25,2% pola economía, estando en terceiro lugar a educación e a sanidade cun escaso 3,3%. O idioma (para ben ou para mal, non sabemos o sentido da resposta) só é sinalado como prioritario na acción de goberno polo 0,5% dos galegos e como segunda preocupación polo 0,9%. É curioso que a lingua sexa a última prioridade das doce opcións de resposta que da o CIS (sumando primeira e segunda resposta) e que polo contrario teña tanta relevancia mediática e sexa a primeira medida tomada polo goberno de Feijoo. Estes datos pódense ver mellor no seguinte gráfico:




*(O gráfico recolle só a primeira opción sinalada polos entrevistados. Non hai grandes diferenzas se sumamos a segunda preocupación, destacando unicamente un 10% que declara estar preocupado pola vivenda e a sanidade).*

Unha conclusión que se pode sacar destes resultados é que a grave crise que estamos a vivir foi determinante no resultado electoral e que os galegos depositaron a súa confianza nunha forza de centro-dereita para mellorar esta situación. Este comportamento vai na mesma liña da maioría de países europeos, se vemos que nos últimos anos os electores deses países veñen depositando a responsabilidade de goberno neste tipo de partidos dun xeito bastante xeralizado. Neste punto é claro o que queren os galegos do novo goberno: solucións ao deterioro da economía (79,2%) e tamén está claro que tipo de solución quere a maioría: unha aposta pola reactivación dos mercados a través dunha vía liberal. A alta participación destas eleccións (70,45%) demostra a determinación clara dos galegos, así como a preocupación ante unha reedición dun goberno de corte socialista e intervencionista. A única alternativa para parar isto era votar PP, o único proxecto político que apostaba na teoría por vías liberais, aínda que como demostraremos en posteriores documentos se traduce na práctica nun conservadorismo de corte intervencionista, claramente perxudicial para os intereses do noso país, misturado con fortes doses de ineficiencia e amiguismo na asignación dos recursos públicos.

## ¿Existe espazo eleitoral para Convergencia Vinteún?

Para buscar resposta a esta pregunta partimos da definición dos principios que aparecen nos estatutos de CXXI: partido nacionalista, de centro reformista e liberal.


No estudo do CIS, os entrevistados respostan á pregunta “¿cómo se definiría Ud. en política, según la siguiente clasificación?” da seguinte maneira:



*(os resultados son a suma da primeira resposta máis a segunda ponderada pola base da mostra, só o 5,94% dos entrevistados responden unha segunda opción)*

Na autodefinición dos entrevistados destaca a tendencia do que tradicionalmente se ven considerando centro-dereita (liberal + conservador + demócrata-cristiano) 37,15% fronte ao centro-esquerda (socialista + socialdemócrata + comunista) 25,12% deixando fóra destas dúas clasificación a nacionalistas e ecoloxistas pois consideramos que son ideoloxías de tipo transversal que están fóra da escala esquerda-dereita.. Arredor do 30% non sabe ou non contesta a esta cuestión.

Hai que sinalar neste punto o contraste entre o 6,30% que se define como nacionalista cando é preguntado nunha lista pechada entre distintas opcións ideolóxicas e o resultado da pregunta “¿Se considera Ud. nacionalista gallego?”:






Esta diferenza tan significativa, máis de 17 puntos, pódese deber a múltiples factores. Queremos sinalar dous: en primeiro lugar a xente considera o nacionalismo como un factor colateral ou complementar dunha ideoloxía principal: socialista, liberal, conservador, etc. En segundo lugar tamén pode corresponder a un factor preventivo nas respostas, debido á negativización sistemática que desde os medios de comunicación se ten feito nos últimos anos do termo nacionalista, sempre asociado a calificativos como insolidario, excluinte, radical, periférico (frente a un pretendido centro), etc..

Ímonos centrar na primeira hipótese: o nacionalismo como ideoloxía complementar, e ás veces secundaria, doutra principal. Tomando como base o 23,8% que se considera nacionalista galego pódese afirmar que as organizacións políticas de carácter nacionalista, e nomeadamente a principal, o BNG, non son capaces de daren resposta ás necesidades destes cidadáns. A continuación trataremos de explicar isto.

No seguinte gráfico vemos como foi a composición do voto nestas últimas eleccións ao Parlamento de Galicia segundo esta clasificación “nacionalista galego-non nacionalista galego”:



Tomando como base de cálculo os resultados destas eleccións imos facer unha extrapolación do voto nacionalista:

<b>PP</b>		$760.591 \times 0,146 = 111.046$ votantes nacionalistas galegos.
<b>PSOE</b>		$483.357 \times 0,221 = 106.821$ votantes nacionalistas galegos.
<b>BNG</b>		$267.631 \times 0,633 = 169.410$ votantes nacionalistas galegos.

Vistos estes datos pódese tirar unha primeira conclusión: a crenza habitual de que o voto nacionalista é capitalizado polo BNG e que está practicamente concentrado neste partido e fóra del non hai nacionalistas é falsa. A maioría dos nacionalistas (56,32%) non vota BNG. O BNG só concentra o 43,68% do voto nacionalista, o PP o 28,63% e o PSOE o 27,44%. O resto repártese entre diferentes forzas entre as que destaca Terra Galega con aproximadamente 6.000 votos nacionalistas (este partido conseguiu 18.402 votos totais e o 32,9% dos votantes se declara nacionalista no enquérito do CIS. Moi lonxe de TEGA estarían forzas como FPG ou NOS-UP con 2.745 e 1.474 votos totais recibidos respectivamente). O BNG só ten 15 puntos de vantaxe sobre o PP no voto declarado nacionalista. Seguramente non sexa moi aventurado pensar que se a pregunta fose plantexada noutros termos non tan directos nen agresivos como “¿Se considera Ud. nacionalista gallego?”, se a pregunta for por exemplo “¿Se considera usted galleguista?” os resultados serían maioritaria e abrumadoramente favorables ao PP, confirmando así o que se ven sabendo desde a instauración do sistema autonómico, que o voto galeguista vai parar maioritariamente ao Partido Popular, un partido de centro-dereita. Algo que resulta tan evidente e que os partidos nacionalistas galegos foron e son incapaces de asumir.

Para facer esta última afirmación baseámonos nos resultados da pregunta “¿Con cuál de las siguientes frases se identifica más usted?” a número 37 do estudo. Voume centrar no grupo que responde as opcións “Me siento tan español como gallego”, “Me siento más gallego que español” e “Me siento únicamente gallego”, xente que pode ser considerada como potencialmente receptiva a propostas políticas de tipo nacionalista-galeguista, ou que en principio non van mostrar un rexeitamento activo e frontal a este tipo de políticas, como pode ser o caso dos que se senten máis españois ou só españois. Sumando os resultados destas tres respostas temos:

No traballo do CIS, pedíase aos entrevistado que se ubicasen na habitual clasificación esquerda-dereita, nunha escala de 1 a 10 onde o 1 é a extrema esquerda e o 10 a extrema dereita, a ubicación media dos entrevistados está no 4,92. A media dos votantes en función do partido é:



Neste gráfico móstrase como os votantes de cada un dos partidos ubican nesa mesma escala a cada unha das formacións na que depositaron o voto:



O que se observa é que os votantes do PP perciben o seu partido muito máis á dereita da ubicación que eles teñen. O problema que teñen estes votantes é que fóra do PP non encontran alternativa, pois estes mesmos votantes ubican o PSOE no 3,95 e o BNG no 2,22 de media (estes datos están no estudo do CIS).

Os votantes do PSOE e do BNG ubican os seus partidos nun punto bastante próximo ao seu, os do PSOE ven o partido un pouco máis á dereita e os do BNG algo máis á esquerda.




A valoración que o total dos votantes fan aos tres partidos é:








Tomando como base de cálculo os resultados destas eleccións extrapolamos o número de votantes dos que responden estas opcións:

<b>PP</b>		$760.591 \times 0,883 = 671.601$ votantes potencialmente receptivos.
<b>PSOE</b>		$483.357 \times 0,921 = 445.171$ votantes potencialmente receptivos.
<b>BNG</b>		$267.631 \times 0,965 = 258.263$ votantes potencialmente receptivos.

Neste caso o total de votantes potencialmente receptivos, ou dito doutro xeito, que a priori non van mostrar un rexeitamento frontal e activo ás políticas de tipo galeguista ascendeu a 1.375.035 eleitores nos últimos comicios. Penso que aquí podemos encontrar un primeiro límite do “segmento de mercado” ao que se deberían dirixir as propostas do partido. Do total o 48,84% votou PP, o 32,38% votou PSOE e o 18,78% votou BNG. Tamén hai que ponderar a porcentaxe de xente que se ubicaría neste segmento dos que votaron outros partidos, nulo ou branco (6,5%) e a abstención do 29,55% (683.408 votantes). O 91% da abstención está neste grupo, o que equivale a 621.901 votantes potencialmente receptivos.

A conclusión que se pode tirar de todo isto é que hai unha amplísima maioría de xente, que supera o 90%, potencialmente receptiva a políticas de tipo galeguista. Só un 7,1% da xente declara un sentimento só español ou máis español que galego, unha maioría está no centro, igual de español que galego (68,9%) e o 22,5% se sente máis galego que español ou só galego.

Agora imos analizar outra variable. Imos ver a distribución do voto en función do autopoñemento ideolóxico dos votantes de cada partido:




O PP presenta unha base sólida porque concentra todo o voto do centro á dereita. No entanto, cabe destacar que o voto que se pode considerar máis de dereita (conservador + demócrata-cristián) só representa o 46,90% dos votantes. O resto sitúase entre as opcións liberal, nacionalista, ecoloxista e centro-esquerda (23,50%) e os que non saben ou non contestan (29,60%).

O PSOE é o que presenta unha base ideolóxica máis sólida nos seus eleitores, o 67,50% sitúanse entre a socialdemocracia e o comunismo. O 14,70% non sabe ou non contesta e o 17,80% repártese entre o resto de opcións.


O máis destacable destes datos é o caso do BNG, onde a opción maioritaria é a nacionalista e a segunda a liberal, que supera os que se autodefinen como socialistas (11,50%), os socialdemócratas (8,2), os ecoloxistas (3,10%), os demócrata-cristianos (1,90%), os comunistas (1,60%) e os conservadores (1,00%). Estes datos reflecten o estado dunha organización política totalmente desconectada da sociedade e mesmo das preferencias dos seus votantes. É sen dúbida o partido cunha situación máis débil e con peores perspectivas de futuro, cun proxecto totalmente alleo á realidade do país e da xente que deposita neles o seu voto.

O que se observa é a percepción radicalizada que a maioría da sociedade ten do PP e do BNG. Esta percepción é lóxica e adecuada á realidade política de Galicia e só pode ser explicada pola ausencia de competencia nos respectivos mercados, o do centro-dereita do PP e o nacionalista do BNG. O partido máis próximo á media é o PSOE, pero este compite no centro-esquerda co BNG. O PP ten vía libre no centro-dereita, ten o monopolio.


Agora temos uns gráficos similares aos anteriores, mais baseados na escala nacionalista galego-non nacionalista galego. A media dos entrevistados está no 4,46, e as medias dos votantes de cada partido está a seguir:



Agora imos ver como os votantes de cada un dos partidos ubican nesta escala o partido no que depositaron o voto:




A valoración que o total de votantes fai dos tres partidos é a seguinte:



Unha vez máis vese a polarización entre PP e BNG, pero sempre o BNG máis afastado da media nacional.

Finalmente xuntamos nun mesmo gráfico as dúas escalas para vermos a ubicación de cada un dos partidos e a posición destes a respecto da media. O gráfico recolle a percepción do total de votantes dos tres partidos. O tamaño da área indica os resultados nas últimas eleccións e o punto negro é a media de Galicia:



O que se comproba aquí é que hai un oco vacío na percepción dos votantes que se corresponde co centro-dereita nacionalista. Ese espazo político existe, como demostramos nas páxinas anteriores.

A situación de monopolio do Partido Popular en todo o espazo que non sexa centro-esquerda é perxudicial para o país. Os que forman parte dese segmento non tiñan alternativa: PP ou centro-esquerda. O PP, por ese monopolio, conseguiu a maioría dos votos aínda estando claramente posicionado moi á dereita (7,88 na escala), abandonando o centro e o galeguismo.

Isto demostra a necesidade dun partido como Convergencia Vinteún, un proxecto centrado, galeguista, liberal no económico e defensor da xustiza social, que rache cos dous monopolios existentes na política galega e que tanto dano están a causar á nosa sociedade: o PP no centro-dereita e o BNG no nacionalismo.

A falta de competencia do PP dalle vía libre a todo tipo de políticas de dereita, intervencionistas, de corte claramente conservador nos ámbitos social, económico, moral, etc., así como prescindir do galeguismo político e por en práctica políticas contrarias aos intereses xerais do noso país.

Igualmente, o monopolio do BNG no nacionalismo perxudica a todos, patrimonializando o pensamento nacionalista e derivando á extrema esquerda nos seus plantexamentos teóricos, o que na práctica se traduce en políticas intervencionistas no ámbito económico e na xustificación de todo tipo de reximes contrarios á liberdade (Cuba, Venezuela, etc.) inadmisibles nunha sociedade como a nosa, que aínda que ten múltiples problemas, forma parte e quere seguir formando parte, nunha posición cada vez mellor, do primeiro mundo, do mundo avanzado, democrático e libre.

Este extremismo do BNG facilita o predominio do PSOE no centro-esquerda, un partido muito máis centrado na socialdemocracia que hai tempo abandonou os principios do marxismo, mais que é incapaz de aportar solucións aos problemas do país desde os seus principios socialistas e que nunca conseguirá gobernar desde políticas de centro pola dependencia que ten do BNG.

Claramente, Convergencia Vinteún é un proxecto necesario e que vai ser de grande utilidade para o noso país. As políticas centradas, defensoras da liberdade individual e da libre iniciativa, da igualdade de oportunidades, da xustiza social e dos intereses dos galegos así como da nosa cultura e identidade están chamadas a ser o elemento que equilibre e establezca este novo escenario político galego nacido das urnas o 1 de Marzo de 2009.

